



Al nuestro Justicia Mayor e a los del nuestro Consejo pressidente y oidores...
Valladolid, treinta dias del mes de septiembre de 1588

Manuscrito con fermosas iniciais e adornos de primeira liña miniadas. É o códice máis antigo que posúe a biblioteca.

Seudo-Juan Crisóstomo

Sermones in patientia in Job

Nuremberga, Johan Sensenschmidt, 14 de novembro de 1471

É o incunable máis antigo da biblioteca, e por tanto o impreso máis antigo. Está impreso por Johan Senseschmidt, o primeiro impresor da cidade alemá de Nuremberg, que co tempo sería un dos centros impresores máis importantes de Europa. Pertence aos fondos depositados por ABANCA. Este exemplar é o único conservado en España desta edición.

Arte de hacer relojes horiçontables y verticales por Arithmética ...

1620

Manuscrito máis valioso que posúe a Biblioteca de Galicia. Portada excelente cun debuxo dunha calidade e minuciosidade exquisitas. Todo o libro está coidadosamente escrito a dúas tintas, negra e vermella. Pertence á colección doada por José Luis Basanta e esposa.

Libro de Horas de Dña Mencía de Mendoza (facsimile do orixinal manuscrito iluminado que se conserva no Instituto Valencia de Don Juan - Madrid)



É a edición facsimilar máis pequena da biblioteca. A calidade das iluminacións e miniaturas, de case imposible axuste en tan pequeno espazo, dan un especial valor a este famoso libro de horas.

Historia del Apostol de Jesús Christo Sanctiago Zebedeo Patrón y Capitán
general de las Españas / dedicasela Don Mauro Castella Ferrer
Madrid, Oficina de Antonio Martin de Balboa, 1610.

Un dos grandes clásicos da tradición Xacobeá. Conta tamén cun frontispicio con gravado, ademais de varias calcografías no interior. Natural de Celanova, Mauro Castella Ferrer defende na súa magna obra a causa xacobeá e o importante e beneficioso papel do Apóstolo Santiago como patrón de España